

NOVIDADES
III PLAN DE RESCATE DA
XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA III - AUTÓNOMOS/AS OU EMPRESAS CON
MÁIS DE 10 TRABALLADORES/AS E CUN VOLUME DE
FACTURACIÓN DE MÁIS DE 2M € OU EMPRESAS DE MÁIS
DE 25 TRABALLADORES/AS (TR600C)

[Actualizada a 13/07/2021]

Aberto o prazo ata o
30 de setembro

Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas en alta no
RETA ou Réxime do Mar por conta propia
e profesionais con máis de 10 persoas
contratadas e máis de 2M € de volume de
facturación.

Empresas de máis de 25 persoas
traballadoras.

- ✓ Axudas **compatibles** con outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas.
- ✓ Axuda **incompatible cos programas TR600A e TR600B**, podendo acceder a un único programa por persoa beneficiaria.

Requisitos

1. Ter **domicilio fiscal** en Galicia*.
2. Acreditar unha **caída de volume de operacións declarado ou comprobado** no 2020 de máis do 30% respecto ao 2019.
3. Ter **cantidades pendentes de pago** a provedores ou acredores de custos **devengadas** entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021 (contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021).
4. Ter **pagos pendentes a 31 de maio de 2021**, aínda que xa estivesen realizados na data de solicitude.
5. Ter **resultado positivo** no exercicio 2019 (excepcionalmente con resultado negativo se pode acreditar solvencia económica polas vías previstas na convocatoria).
6. **Estar ao corrente** coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social.
7. Non ter solicitado concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso.**

* Excepto empresas cun volume de operacións superior a 10 M€ en 2020 e que desenvolven a actividade en máis dunha comunidade autónoma | ** Salvo que exista convenio que teña adquirido eficacia

Novidade (modificación da orde DOG 13 de xullo)

No caso de actividades económicas non incluídas no Anexo I do Real Decreto-Lei 5/2021, a caída do volumen de operacións do ano 2020 respecto do ano 2019 será de máis dun 30%.



Destino da axuda | Gastos subvencionables

Obrigatoriamente a persoa beneficiaria debe destinar a axuda:

- En **primeiro lugar**, ao pago das débedas a provedores e outros acredores non financeiros, así como os custos fixos nos que incorrera, **por orde de antigüidade** e,
- Se procede, en **segundo lugar** a reducir o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.

No caso de préstamos ou pólizas de crédito

- **Constituídos entre 1 de marzo de 2020 e 12 de marzo de 2021, o pagamento poderá abranguer as cotas pendentes entre o 1 de marzo de 2020 e 31 de maio de 2021. E se prevén a amortización ou cancelación anticipada, o pagamento poderá abranguer a totalidade da débeda pendente.**
- Para préstamos ou pólizas de crédito anteriores ao 1 de marzo de 2020, o pagamento poderá comprender as cotas pendentes/importes dispostos entre os días 1 de marzo de 2020 e 31 de maio de 2021.

Pago anticipado do
100% da axuda

Contía da axuda

Segundo a caída do volume de operacións	Incremento por persoas contratadas
Máis do 30% e ata o 60% → Máx 10.000 €	De 26 a 50 → 5.000 €
Máis do 60% e menos do 70% → Máx 12.000 €	De 51 a 100 → 10.000 €
De 70% ou máis → Máx 15.000 €	Máis de 100 → 15.000 €

Cálculo do importe máximo da axuda conforme RD-L 5/2021 (art. 3.2, b)

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Persoas empresarias ou profesionais que apliquen o réxime de estimación directa no IRPF. • Empresas, persoas profesionais, entidades e establecementos permanentes cun máximo de 10 persoas traballadoras. | 40% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Empresas, entidades, persoas profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 persoas traballadoras. | 20% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019 |

- A axuda solicitada deberá ser **igual ou menor** que as cantidades pendentes de pago

Supostos excepcionais de baixada do volume de operacións

Altas realizadas ao longo do ano 2019

A baixada de volume de operacións calcularase comparando o **volume medio mensual** dos meses con actividade do ano 2019 co **volume medio dos doce meses** do ano 2020.

Altas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de marzo de 2020

A baixada do volume de operacións calcularase comparando o **volume medio mensual dos meses con actividade** do primeiro trimestre do 2020 coa **media mensual dos tres trimestres restantes** do ano 2020.